



Asunto: Certificación de prazas OPE extraordinaria 2022 procesos de estabilización

Nuria Aguilar Vázquez, Directora Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia,

CERTIFICA

O artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, indica o seguinte:

*“Sin perjuicio de lo que establece la disposición transitoria primera, las plazas afectadas por los procesos de estabilización previstos en los artículos 19.Uno.6 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017, y 19.Uno.9 de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018, serán incluidas dentro del proceso de estabilización descrito en el párrafo anterior, siempre que hubieran estado incluidas en las correspondientes ofertas de empleo público de estabilización y llegada la fecha de entrada en vigor de la presente Ley, no hubieran sido convocadas, **o habiendo sido convocadas y resueltas, hayan quedado sin cubrir.**”*

En data de 30 de maio de 2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia o *Decreto 79/2022*, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal





laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG Núm. 102, do 30 de maio de 2022).

En cumprimento do estipulado no sinalado artigo 2 da Lei 20/2021 de 28 de decembro, as prazas que cumprían os requisitos sinalados (convocadas e resoltas, pero que teñan quedado sen cubrir) foron incorporadas e sumadas ás xa ofertadas no Decreto 79/2022, do 25 de maio.

Este proceso de adición de prazas é un proceso sometido a constante evolución derivado da dinámica de remate dos diversos procesos selectivos en curso, habendo prazas das denominadas "desertas" que xa foron sumadas ás ofertadas polo Decreto 79/2022, (exemplo da mesma serían as xa incluídas a través da *Resolución de 6 de febreiro de 2023 pola que se modifican as resolucións de 22 de decembro de 2022 (Diario Oficial de Galicia número 245, do 27 de decembro), polas que se convocan os procesos selectivos extraordinarios de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, mediante o sistema de concurso, modificadas pola resolución do 20 de xaneiro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número nº 15, do 23 de xaneiro) e se convocan procesos selectivos, pola quenda de acceso libre, para a escala de axentes de Inspección, especialidade de Consumo, subgrupo C1, para a escala de persoal de mantemento, subgrupo AP e para analista xestor de contidos web (persoal propio do Cixtec), e habendo outras categorías e grupos que todavía restan por adicionarse.*

A este respecto, compre ter en conta o seguinte:

No DOG nº 244 do 26 de decembro de 2022 publicouse a Resolución do 22 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso



libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia; no corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1; para o ingreso no corpo de técnicos de carácter facultativo de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo B, e para o ingreso nas categorías 3, 12, 15, 34, 36, 37, 43, 52, 54, 54B, 66, 71, 94, 98, 100, 101, 103, 104 do grupo III de persoal laboral da Xuntade Galicia e persoal laboral propio do Cixtec (grupo III), modificada pola Resolución de 6 de febreiro de 2023 pola que se modifican as resolucións de 22 de decembro de 2022 (Diario Oficial de Galicia número 245, do 27 de decembro), polas que se convocan os procesos selectivos extraordinarios de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, mediante o sistema de concurso, modificadas pola resolución do 20 de xaneiro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número nº 15, do 23 de xaneiro) e se convocan procesos selectivos, pola quenda de acceso libre, para a escala de axentes de Inspección, especialidade de Consumo, subgrupo C1, para a escala de persoal de mantemento, subgrupo AP e para analista xestor de contidos web (persoal propio do Cixtec).

Dita Resolución contén un Anexo I no que se indica o seguinte:

ANEXO I

Prazas convocadas persoal funcionario

Corpo/escalas	Quenda de discapacidade	Acceso libre	Total
II. Escala técnica auxiliar de informática: (Inclúe prazas das categorías 30 e 91 do grupo III de persoal laboral).	5	54 (*a)	59 (*a)





(*) Inclúense as prazas de estabilización convocadas en procesos anteriores a entrada en vigor da Lei 20/2021, do 28 de decembro, e que no momento da presente convocatoria estiveran aínda sen rematar e que ao final do mesmo, quedaran sen adxudicar, sempre que cumpran os requisitos da disposición adicional sexta de dita lei. Do total de prazas ofertadas inicialmente poderían estar afectadas o seguinte número de prazas:

(*)= 17 prazas.

Atopándose o proceso selectivo condicionante nun estado que permite determinar o número de prazas que serán ocupadas no mesmo, confírmase que o número de prazas convocadas nas escalas e especialidades mencionadas será o seguinte:

Corpo/escalas	Quenda de discapacidade	Acceso libre	Total
II. Escala técnica auxiliar de informática: (Inclúe prazas das categorías 30 e 91 do grupo III de persoal laboral).	5	37	42

O que se certifica para a súa constancia e efectos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

